


XXXVIII Curso de Saúde Ambiental

Guitiriz (Lugo), 26-30 xaneiro 2009



Patrocinadores oficiais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública



Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

‘O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación’.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2009**, que contou cos parabéns do coordinador do proxecto ‘Healthy Cities’ da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, co apoio da OMS, auspiciado pola SESA e baixo o mecenado de Obra Social Caixa Galicia, Egael-Fegamp, Consellería de Sanidade, Sogama e Iberdrola, no seu periplo por toda a xeografía galega o longo desta década, contou coa participación de 212 concellos (209 galegos, 2 leoneses e 1 asturiano) e 3.485 asistentes nas 37 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizadas. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas medioambientais prioritarios que ten a Comarca da Terra Chá, organízase o XXXVIII Curso de Saúde Ambiental, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación medioambiental da Comarca da Terra Chá, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2009

Programa

LUNS, 26 DE XANEIRO

16:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

16:30 h.: ACTO INAUGURAL, a cargo de *D^a. Regina Polín Rodríguez*, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz; *D. Carlos Antonio Fernández Castro*, presidente da FEGAMP-Federación Galega de Municipios e Provincias; *D. Ramón Medina González-Redondo*, director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; *D. Carlos Herrero Latorre*, vicerreitor do Campus de Lugo da USC; *D. Eduardo Vidal Baamonde*, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia en Lugo; *D. José Álvarez Díaz*, presidente de Sogama; *D. Francisco Caamaño Martínez*, delegado de Iberdrola en Galicia; representante de Caixa Galicia.

17:00 h.: CONFERENCIA INAUGURAL: '**Medio ambiente e saúde: conceptos que deben valorarse conxuntamente**'

DR. D. RAMÓN MEDINA GONZÁLEZ-REDONDO

Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

18:00 h.: I MESA REDONDA: '**Saúde ambiental para todos: unha esperanza alcanzable no terceiro milenio**'

MODERADOR: PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

RELATORES:

- '**Natureza e paisaxe da Terra Chá**'

PROF. DR. D. ROXELIO P. MOREIRA

Experto naturalista. Profesor de Edafoloxía e Xeoloxía da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Ex-coordinador da Asemblea Ecoloxista de Galicia.

- '**Radiografía da saúde ambiental de Galicia: propostas de mellora**'

PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

Profesor de Medio Ambiente y Salud de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid. Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en saúde ambiental.

- '**A calidade do aire e a loita contra o cambio climático: a nova rede de calidade do aire de Galicia**'

D. MIGUEL ÁNGEL COSTOYA RIVERA

Director do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

MARTES, 27 DE XANEIRO

10:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Hesperia Balneario de Guitiriz, guiada por personal técnico do Centro.
- Parque Eólico Experimental Sotavento (Momán-Xermade), guiada por D. Manuel Díaz Fernández, responsable da Área Educativa-Divulgativa da Fundación Sotavento.

16:30 h.: I CONFERENCIA MONOGRÁFICA: '**Plans de actuación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil na provincia de Lugo, co especial referencia á Comarca da Terra Chá**'

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ LIÑARES

Presidente da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.

17:30 h.: II MESA REDONDA: '**A protección e a mellora da calidade das augas ante o reto da DMA: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible de Galicia**'

MODERADORA: PROF^a. DRA. D^a. MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

RELATORES:

- **'Plan de saneamento de Galicia 2000-2015: a súa aplicación na Comarca da Terra Chá'**
PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ
Subdirector xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.
- **'Estado actual da calidade das augas de consumo humano dos abastecementos da provincia de Lugo'**
D. JUAN ANTONIO VÁZQUEZ SANJURJO
Xefe de Servizo de Sanidade Ambiental da Delegación Provincial en Lugo da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- **'A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns municipios da provincia de Lugo'**
D. JOSÉ MARÍA OURO LÓPEZ
Xefe de Producción de Zona Norte Galicia de Aquagest, S.A.
- **'A explotación de depuradoras de augas residuais e o control de verquidos industriais'**
D^a. MERCEDES DEL PINO FERNÁNDEZ-COUTO GÓMEZ
Delegada de Gestagua, S.A. en Galicia.
- **'Eficacia das plantas depuradoras de augas residuais compactas e prefabricadas para pequenos núcleos de poboación'**
D. RAFAEL DOPAZO SANTOS
Técnico de Desenvolvemento de Negocio de SMA-Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

MÉRCORES, 28 DE XANEIRO

10:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Saída cara Parga (muíño e carballeira), Fonte de Valdovín, paseo por un tramo da 'Ruta da Auga' dende Valdovín a Pitero, San Alberte (ponte medieval, capela, espazo natural e miradoiro de Sambreixo), área recreativa de Sete Muíños e ciclo integral da auga (captación en San Xoán de Lagostelle / Aula da Natureza), ETAP e EDAR municipais de Guitiriz, guiadas por Sonia Freire Rodríguez, José Cornide Río e Olga Vázquez Rodríguez, técnicos do Concello de Guitiriz.

16:30 h.: III MESA REDONDA: 'A xestión dos residuos en Galicia: a súa reciclaxe, reutilización e valorización'

MODERADOR: D. BENITO GARCÍA CARRIL

Director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- **'Sociedade Galega do Medio Ambiente: novos retos de futuro'**
D^a. MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.
- **'Xestión de residuos gandeiros e valorización de recursos orgánicos biodegradables na Terra Chá: código de boas prácticas agrarias'**
D. SEVERIANO ÓNEGA ARES
Asesor técnico de Agroamb, S.L.U.
- **'CTRIG - Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia: situación actual e perspectivas de futuro'**
D. RAMÓN BLANCO LÓPEZ
Director industrial de Sogarisa.
- **'Papel dos xestores autorizados na recollida, transporte e tratamento final dos residuos industriais non perigosos'**
D^a. ELVIRA CAMARERO PÉREZ
Directora comercial do Grupo GESTÁN.

- **'SIGRE - sistema integrado de xestión. Planta de selección e clasificación de medicamentos: a súa reciclaxe e valorización enerxética'**
D. JUAN ARIAS BARAGAÑO
Xefe de Planta de Danigal-responsable Proxecto Sigre.
- **'Reciclaxe e tratamento do vidro'**
D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
Director técnico de Danigal Vidrio, S.L.

XOVES, 29 DE XANEIRO

10:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Zona núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño (LIC Parga-Ladra-Támoga): Insuas do Miño (Rábade e Outeiro de Rei), Lagoa de Cospeito (Cospeito) e Lagoas de Riocaldo (Begonte), Centro de Interpretación Terras do Miño (Paseo do río Rato-Fervedeira / Lugo) xestionado polo Inludes-Deputación Provincial de Lugo, guiada por D^a. Laura Vázquez Janeiro, doutora en Bioloxía, experta en medio natural e educadora ambiental.

16:30 h.: II CONFERENCIA MONOGRÁFICA: 'Novos instrumentos económicos para a protección ambiental: axudas rexionais, nacionais e europeas'

D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO

Asesor técnico da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

17:30 h.: IV MESA REDONDA: 'A empresa ante o reto ambiental do século XXI cara á sostibilidade de Galicia'

MODERADORA: D^a. ANDREA MACHO BENITO

Xefa do Departamento de Calidade e Medio Ambiente da CEL-Confederación de Empresarios de Lugo.

RELADORES:

- **'A ecoloxía industrial: a súa potencial aplicación aos parques empresariais e polígonos industriais de Galicia'**
PROF. DR. D. GUMERSINDO FEIJOO COSTA
Catedrático de Enxeñería Química da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.
- **'A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial'**
D. MARTÍN PITA LÓPEZ
Director de AENOR en Galicia.
- **'Retos ambientais da enerxía eléctrica: a experiencia de Iberdrola'**
D. FRANCISCO OLARREAGA TELLECHEA
Xefe do Departamento de Desenvolvemento Sostible de Iberdrola.
- **'Bioetanol: retos de futuro no mercado enerxético'**
D. ANTONIO LÓPEZ-PERALES MORA
Xefe de Calidade e Medio Ambiente da Planta Bioetanol Galicia, S.A.

VENRES, 30 DE XANEIRO

16:30 h.: V MESA REDONDA: 'Posta en valor do patrimonio natural e histórico-cultural da Comarca da Terra Chá: o camiño cara á sostibilidade'

MODERADOR: D. ALFONSO BLANCO TORRADO

Coordinador de Xermolos e presidente da Fundación Manuel María da Terra Chá.

RELADORES:

- **'Contribución das vilas termiais ao turismo sostible'**
D. MARIO CRECENTE MASEDA
Arquitecto-director de Crecente Asociados.

- '**Relevancia da actividade agrogandeira na Terra Chá: contaminación difusa e efectos sobre a calidade das augas**'
 PROF. DR. D. FLORENTINO DÍAZ RODRÍGUEZ
Profesor titular de Proxectos do Departamento de Enxeñería Agroforestal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.
- '**A sostibilidade do sector forestal na Terra Chá**'
 PROF. DR. D. ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ
Catedrático de Botánica Forestal do Departamento de Producción Vexetal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académico numerario da Real Academia Galega de Ciencias.
- '**Terra Chá natural...mente: o novo proxecto de desenvolvemento da Terra Chá 2009-2013**'
 D. ANXO FERNÁNDEZ GARCÍA
Xerente da Fundación Comarcal Terra Chá.
- '**Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade: implantación da Axenda 21 Local no Concello de Guitiriz**'
 D^a. REGINA POLÍN RODRÍGUEZ
Alcaldesa de Guitiriz e presidenta da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

19:30 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS, a cargo de D^a. Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz; D. José Ramón Gómez Besteiro, presidente da Deputación Provincial de Lugo; D. Miguel Ángel Rodríguez Lois, delegado provincial en Lugo da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; alcaldes dos concellos da Comarca da Terra Chá; representantes da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e de Caixa Galicia.

Información Xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental da Comarca da Terra Chá, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARI@S

- Técnic@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnic@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.

METODOLOXÍA

- Conferencia inaugural, 2 conferencias monográficas e 5 mesas redondas configuran a estrutura do curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.
- Visitas prácticas.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 60 prazas, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30 €
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina de **Caixa Galicia**, situada na Rúa do Concello, nº 9 – 27300 Guitiriz (Lugo), nº de conta: **2091 – 0122 – 07 3040013044**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarse/ enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición abrirase o luns 22 de decembro, fixándose a data límite de formalizala o xoves día 22 de xaneiro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Casa Habanera (Rúa do Concello, nº 42 – 27300 Guitiriz).
- **Datas:** do 26 ao 30 de xaneiro de 2009.
- **Horario:** de 16:30 a 20:30 horas (de luns a venres). O martes, mércores e xoves, de 10:00 a 14:00 horas, terán lugar as visitas prácticas (opcionais).

SECRETARÍA TÉCNICA

(INFORMACIÓN E INSCRICIÓN)

CONCELLO DE GUITIRIZ

D^a. Sonia Freire Rodríguez - D. José Cornide Río - D^a. Olga Vázquez Rodríguez

Rúa do Concello, nº 4

27300 GUITIRIZ (LUGO)

Tel.: 982 370 109 / Fax: 982 372 178

E-mail: medio-ambiente@concellodeguitiriz.com

www.concellodeguitiriz.com

FUNDACIÓN COMARCAL TERRA CHÁ

D. Anxo Fernández García

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n

27800 VILALBA (LUGO)

Tel. e Fax: 982 512 369

E-mail: ftcha@comarcasdeg Galicia.com

Organismos colaboradores



Concello de Guitiriz



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



TERRA CHÁ



Concellos participantes



Concello de Abadín



Concello de Begonte



Concello de Castro de Rei



Concello de Cospeito



Concello de Muras



Concello de A Pastoriza




Concello de Vilalba



Concello de Xermade

Entidades e empresas colaboradoras



Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola



SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

Declarado de interese sanitario pola



Recoñecido con 1 crédito de libre configuración pola ()*



Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola



Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española